

**BARROW** O equipo da galega Susana Martínez-Conde en Phoenix demostra, co campus de Vigo, que son as microsacadas, pequenos movementos dos ollos, os que o localizan

# COMO ATOPAMOS A WALLY?

ESTE ACHADO PODE AXUDAR NO DESEÑO DE FUTURAS PRÓTESES NEURAIS EN DOENTES DE LESIÓNS CEREBRAIS

Redacción • Santiago

Quen non recorda ou reconece a Wally, ese esvaradío personaxe que paseou o seu xersei a raias por praias, museos, circos e ata por feiras medievais? Agochado entre mores de persoas, fixo, e fai, as delicias de maiores e pequenos a través da famosa colección de libros 'Onde está Wally?' desde a data da súa creación, da man do británico Martin Handford, en 1987.

Quen lle fá dicir a tan minúsculo homiño que podería servir á ciencia? Concretamente, ao estudo do comportamento cerebral nas buscas visuais. O equipo do Instituto Neurolóxico Barrow de Phoenix (Estados Unidos), dirixido pola galega Susana Martínez-Conde, acaba de demostrar, botando man da mítica colección de libros, como os minúsculos e inconscientes movementos dos ollos —coñecidos como microsacadas— revelan a localización de Wally durante unha procura visual produtiva.

O estudo, que se realizou en colaboración coa Universidade de Vigo, difundíuse recentemente na prestixiosa publicación *Journal of Vision* (a revista máis importante en ciencias da visión).


O equipo da doutora Martínez-Conde demostrara previamente que



Un dos múltiples destinos nos que se perde o famoso personaxe Wally, neste caso un museo

## Man a man co campus olívico

O equipo de Martínez-Conde, nomeada Galega do Mes de Marzo de 2006, está composto por Jorge Otero-Millán, Xoana Troncoso, Stephen Macknik e Ignacio Serrano-Pedraza. Precisamente, Otero-Millán cursa o seu doutoramento na Universidade de Vigo, entidade colaboradora neste novo estudo.



Susana Martínez Conde no laboratorio que dirixe en Phoenix, EEUU

estes mesmos movementos oculares microscópicos, ou microsacadas, son críticos para a visión normal e xogan un importante papel na percepción do movemento.

Os participantes do novo estudo observaron escenas dos libros e indicaron onde se atopaba Wally. Os investigadores do Instituto Neurolóxico Barrow constataron que os movementos dos seus ollos se rexistraron simultaneamente con alta precisión, así como observaron que a produción de microsacadas aumentaba en correlación con cada busca efectiva.

Así, aseguran, "os resultados revelan unha conexión directa entre os movementos dos ollos e a forma en que exploramos escenas para atopar obxectos de interese".

O achado do grupo da especialista galega pode axudar a comprender os mecanismos neuronais subxacentes á exploración visual, tanto no cerebro normal como en pacientes que padezan algún tipo de déficit visual e oculomotor.

## Información para mellorar os aparellos de visión artificial

Asemade, poderían axudar no deseño de futuras próteses neurais para pacientes afectados de dano cerebral, e proporcionar información crítica para mellorar o deseño de dispositivos de visión artificial.

Finalmente, a investigación, na que colaborou activamente o campus da cidade olívica, proporciona tamén unha posible explicación para o papel que xogan eses movementos oculares —ou microsacadas— no funcionamento da visión. ●

**HOXE**

- [Última Hora](#)
- [Vivir Hoxe Galicia](#)
- [Vivir Hoxe Aulas](#)
- [Vivir Hoxe Sociedade](#)
- [Política España](#)
- [Política Mundo](#)
- [Economía](#)
- [Deportes](#)
- [Maré](#)
- [En rede](#)
- [Comunicación](#)
- [A Contra](#)
- [Opinión](#)
- [Eleccións](#)

**CANLES**

- [Canle Vivenda](#)
- [Deputación da Coruña](#)
- [Medio Ambiente](#)
- [Medio Rural](#)
- [Noticario Dixital](#)
- [Turismo](#)
- [Vicepresidencia](#)

**Hemeroteca**

**BARROW**

## Como atopamos a Wally?

**21.02.2009** O equipo da galega Susana Martínez-Conde en Phoenix demostra, co campus de Vigo, que son as microsacadas, pequenos movementos dos ollos, os que o localizan

REDACCIÓN . SANTIAGO

Quen non recorda ou reconece a Wally, ese esvaradio personaxe que paseou o seu xersei a raiais por praias, museos, circos e ata por feiras medievais? Agochado entre moreas de persoas, fixo, e fai, as delicias de maiores e pequenos a través da famosa colección de libros "Onde está Wally?" desde a data da súa creación, da man do británico Martin Handford, en 1987.



Un dos múltiples destinos nos que se perde o famoso personaxe Wally, neste caso un museo

Quen lle ía dicir a tan minúsculo homiño que podería servir á ciencia? Concretamente, ao estudo do comportamento cerebral nas buscas visuais. O equipo do Instituto Neurolóxico Barrow de Phoenix (Estados Unidos), dirixido pola galega Susana Martínez-Conde, acaba de demostrar, botando man da mítica colección de libros, como os minúsculos e inconscientes movementos dos ollos -coñecidos como microsacadas- revelan a localización de Wally durante unha procura visual produtiva.

O estudo, que se realizou en colaboración coa Universidade de Vigo, difundíuse recentemente na prestixiosa publicación *Journal of Vision* (a revista máis importante en ciencias da visión).

O equipo da doutora Martínez-Conde demostrara previamente que estes mesmos movementos oculares microscópicos, ou microsacadas, son críticos para a visión normal e xogan un importante papel na percepción do movemento.

Os participantes do novo estudo observaron escenas dos libros e indicaron onde se atopaba Wally. Os investigadores do Instituto Neurolóxico Barrow constataron que os movementos dos seus ollos se rexistraron simultaneamente con alta precisión, así como observaron que a produción de microsacadas aumentaba en correlación con cada busca efectiva.

Así, aseguran, "os resultados revelan unha conexión directa entre os movementos dos ollos e a forma en que exploramos escenas para atopar obxectos de interese".

O achado do grupo da especialista galega pode axudar a comprender os mecanismos neuronais subxacentes á exploración visual, tanto no cerebro normal como en pacientes que padezan algún tipo de déficit visual e oculomotor.

**Información para mellorar os aparellos de visión artificial**

Asemade, poderían axudar no deseño de futuras próteses neurais para pacientes afectados de dano cerebral, e proporcionar información crítica para mellorar o deseño de dispositivos de visión artificial.

Finalmente, a investigación, na que colaborou activamente o campus da cidade olívica, proporciona tamén unha posible explicación para o papel que xogan eses movementos oculares -ou microsacadas- no funcionamento da visión.

**Man a man co campus olívico**

O equipo de Martínez-Conde, nomeada Galega do Mes de Marzo de 2006, está composto por Jorge Otero-Millán, Xoana troncoso, Stephen macknik e Ignacio Serrano-Pedraza. Precisamente, Otero-Millán cursa o seu doutoramento na Universidade de Vigo, entidade colaboradora neste novo estudo.

O equipo de Martínez-Conde, nomeada Galega do Mes de Marzo de 2006, está composto por Jorge Otero-Millán, Xoana troncoso, Stephen macknik e Ignacio Serrano-Pedraza. Precisamente, Otero-Millán cursa o seu doutoramento na Universidade de Vigo, entidade colaboradora neste novo estudo.

**comentarios**

Escribe o teu comentario

Alias  Chave  Para escribir os teus comentarios nas noticias, precisas ser usuario rexistrado. **De non selo rexístrate agora**

Título

Comentario

**Canal Compras**



**Más Productos**

